



**SESION EXTRAORDINARIA  
DO PLENO DA CORPORACION  
CORRESPONDENTE O DIA 13 DE NOVEMBRO DE 2.018**

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e vinte e cinco minutos do día trece de novembro de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, e D<sup>a</sup> María Teresa Pereira Quintas do PSdeG, coa ausencia dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR,  
CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 25/10/2018**

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 25/10/2018

**2º.- DISOLUCIÓN CONSORCIO CONSO-FRIEIRAS ACORDO PREVISTO ARTIGO  
143-C DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA.**

**Antecedentes**

Por terse agotado o fin para o que foi constituído, os Plenos Municipais de A Mezquita, Vilariño de Conso e Riós ó abeiro do disposto no artigo 143-a da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia acordan co quórum requerido de maioría absoluta do número legal de membros da corporación, a súa disolución en sesión celebradas o 31 de outubro de 2016 A Mezquita, 30 de novembro de 2016 Vilariño de Conso e 27 de febreiro de 2017 o Concello de Riós.

No taboleiro de edictos e no DOG do 25 de maio de 2018 faise público ó abeiro do disposto no artigo 143b que o Órgano Reitor do Consorcio Conso Frieiras en sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2018, acordou a súa disolución. Non se formularon alegacións nin reparos a esta decisión.

Por Acordo do Consello Reitor do Consorcio Conso-Frieiras do 24 de xaneiro de 2018, procedeuse a cancelar a conta bancaria existente na entidade ABANCA de A Gudiña a nome do Consorcio en base a unha quita da referida entidade por importe de 3.710,35€ e a unhas aportacións de 500 € polo Concello de A Mezquita e Vilariño de Conso e de 800 € polo Concello de Riós, quedando éste co único ben co que contaba o Consorcio, unha furgoneta Opel matricula 7766BMJ. A conta bancaria ES48 2080 5317 673100006265 foi cancelada con saldo 0€ o 20.04.2018-

Recibiuse INFORME FAVORABLE da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia con data 18.06.2018, segundo o disposto no artigo 143-b da Lei 5/1997 do 22 de Xullo de Administración Local de Galicia e á Deputación Provincial de Ourense con data 25.09.2018 foille solicitado o informe co prazo de un mes para a súa remisión.

Tratase polo tanto de adoptar os acordos previstos no artigo 143-c da referida Lei 5/1997 co quorum especial da maioría absoluta de cada corporación, para a súa remisión á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e



Xustiza da Xunta de Galicia e posterior publicación no DOG e comunicación á Administración Central do Estado.

Por todo o exposto ó Pleno do Concello de A Mezquita a instancia da Alcaldía por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación,

**ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar a disolución do Consorcio Conso-Frieiras do que forma parte o Concello de A Mezquita ó abeiro do disposto no artigo 143-c da lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**Segundo.-** Dar traslado do presente Acordo segundo o establecido no artigo 143-d da referida Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia para finalizar o expediente tramitado.

**3º.- TOMA DE RAZÓN DO ESCRITO DE DIMISIÓN E RENUNCIA COMO CONCELEIRA DE MARÍA TERESA PEREIRA QUINTAS.**

Visto o escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> Teresa Pereira Quintas, Primeira Tenente Alcalde no que presenta a súa dimisión como Tenente de Alcalde e Concelleira da Corporación Municipal de A Mezquita, motivado polo feito de formar parte do Obradoiro de Emprego que desenvolverá os seus traballos en A Mezquita durante os vindeiros 9 meses. Vistas as renuncias presentadas polos candidatos número dous e número tres seguintes na lista presentada polo PSdeG PSOE ás eleccións municipais- BOP nº 95 do 28 de abril de 2015- D. José Manuel Mielgo Fornos e D. Abel Manso Ferreira ó Pleno da Corporación Municipal por unanimidade ó abeiro do disposto na Lei Orgánica de Reximen Electoral Xeral,

**ACORDA:**

**Primeiro:**

Tomar razón e aceptar a renuncia presentada no cargo de Primeira Tenente Alcalde e Concelleira da Corporación Municipal de A Mezquita de Dona María Teresa Pereira Quintas.

Tomar razón da renuncia como posibles substitutos dos integrantes da candidatura do PSdeG PSOE número dous D. José Manuel Mielgo Fornos e número tres D. Abel Manso Ferreira.

**Segundo:**

Dar traslado deste ACORDO á Xunta Electoral Central solicitando a expedición da correspondente credencial de Concelleiro a favor de D. José VIDUEIRA GARCIA candidato número catro, por ser o candidato seguinte da lista electoral do PSdeG PSOE, vistas as renuncias presentadas polos candidatos que ocupaban os postos número dous e número tres D. José Manuel Mielgo Fornos e D. Abel Manso Ferreira respectivamente.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e corenta e seis minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,